



Cartel deseñado por Seoane a favor do Estatuto de Autonomía de Galicia no referendo de 1936.

O GRUPO NÓS

As décadas dos anos vinte e trinta están marcadas pola ditadura do xeneral Primo de Rivera e a Segunda República. Un tempo que coincide co período de consolidación da cultura galega, que medra ao mesmo tempo que o nacionalismo galego. O principal impulsor deste proceso é o **grupo Nós** (V. Risco, R. Otero Pedrayo, F. Cuevillas e Alfonso R. Castelao). Os grandes logros no plano cultural e político conseguidos neste tempo foron destruídos pola Guerra Civil.

Anos de cambio social e político

Os anos que van desde 1923 ata 1936, data do comezo da Guerra Civil española, son un período de enorme convulsión política e social. O sistema político da monarquía borbónica sofre un profundo desgaste, agudizado coa implantación en 1923 da ditadura do xeneral Primo de Rivera, consentida pola monarquía. Por outra banda, a guerra colonial que desde comezos de século se desenvolve en Marrocos, coa súa sangría humana, é un elemento que exacerba o malestar social.

Nos anos trinta, e logo da caída da ditadura (1930), vaise producir un fenómeno de masas, tanto no mundo urbano como no rural, que rompe co caciquismo e o elitismo político de etapas anteriores. Dáse un incremento da conflictividade política e sindical, coa demanda de reformas sociais para o proletariado urbano, o campesiñado e os mariñeiros.

No ano 1931 proclámase a Segunda República, nun tempo en que Galicia vive nun clima de relativa recuperación económica, aínda que prevalecían aspectos negativos como a carencia de infraestruturas ou a escasa industrialización.

En 1931 nace o Partido Galeguista, froito da confluencia de diversos grupos galeguistas, coa pretensión de sintetizar as ideas do grupo Nós e o programa de acción das Irmandades da Fala, conseguindo situar nas Cortes da República a Otero Pedrayo e Castelao como deputados electos.

O Partido Galeguista pretendía conseguir a autodeterminación política de Galicia e o seu logro máis relevante foi que se conseguise aprobar o noso Estatuto de Autonomía nun referendo no mes de xuño de 1936. Uns días despois o golpe de Estado do xeneral Franco orixinou a Guerra Civil e que o Estatuto nunca puidese entrar en vigor.

O grupo Nós

Nos primeiros anos do século XX, a lingua galega adquire novos medios expresivos, desenvolvéndose o ensaio e a narrativa, ambos case ausentes ata ese momento do ámbito da nosa literatura.

Vai aparecer agora unha nova xeración de escritores que explorará outras formas de expresión distintas da lírica e que estará condicionada polas transformacións que se están a producir na sociedade galega, así como pola crise sociopolítica europea, posta de relevo coa Primeira Guerra Mundial e a revolución en Rusia.

Os membros máis destacados deste grupo, coñecido como Xeración Nós ou Xeración das Irmandades, nacen na década de 1880-1890: Vicente Risco, Castelao, Otero Pedrayo, Cuevillas e os irmáns Villar Ponte, entre outros.



Castelao na cafetaría das Cortes con Antón Villar Ponte, Portela Valladares e Leandro Pita.